

O Maio do Outono. Refróns romances do mes de outubro^{1 2}

O Maio do Outono. Romance proverbs concerning the month of October

José Enrique Gargallo Gil

Universitat de Barcelona / Institut d'Estudis Catalans

<https://orcid.org/0000-0002-8874-0323>

gargallo@ub.edu

Joan Fontana i Tous

Universitat de Barcelona

<https://orcid.org/0000-0002-9577-6201>

joan_fontana@ub.edu

Resumo: O presente artigo recolle unha selección de refróns romances relativos ao mes de outubro que permite caracterizar de xeito esencial o correspondente espazo de tempo dende a mirada da sabedoría popular. Como deixan ver as diferentes paremias, outubro é un mes de tránsito entre a calor e o frío, o que repercute en aspectos como o ciclo agrícola (as sementeiras ou a vendima), na emigración das andoriñas, na extinción de vermes, moscas e mosquitos, entre outros. A outubro atribúenselle tamén perfís atmosféricos diversos como a choiva, a treboada, a néboa, de carácter máis ocasional, e mais outros, de tipo estacional, como a calor tardía asociable aos veraneios ou veráns serodios, ou ben o frío outonal que aconsella abrigarse ou refuxiarse ao carón da lareira xa dende este mes. No contexto do ano é moi característica dos refróns sobre os meses a relación entre diversos espazos de tempo. Neste sentido, cómpre salientar a prefiguración de sete lúas para sete meses que expresa un grupo de paremias do ámbito iberorrománico. Tamén outubro, como é característico dos meses, preséntase nalgunhas paremias baixo a figura da personificación.

¹ Data de recepción: 22.07.2021. Data de aceptación: 24.08.2021.

² Agradecemos a Brian Mott a tradución do resumo ao inglés; a Elisabetta Carpitelli, Aitor Carrera, Manuel González e Matteo Rivoira, a resolución de dúbidas; aos dous avaliadores anónimos, as súas axeitadas propostas; a Maria-Reina Bastardas e a Xosé Afonso Álvarez, a lectura atenta deste artigo así como os seus sempre xentís consellos. Ao derradeiro, ademais, debemos a non menos xentil corrección gramatical do noso galego.

Palabras clave: refráns, Romanía, outubro, ciclo estacional, meteoroloxía popular.

Abstract: This article presents a selection of Romance proverbs about the month of October, which provide an essential characterization of this period of time from a folkloric angle. As the various different sayings show, October marks a transition from the heat to the cold, which has repercussions for agriculture (the sowing season and the grape harvest), the migration of swallows, and the extinction of caterpillars, flies and mosquitoes, among other species. October is also associated with various atmospheric conditions, such as rain, storms and fog, which occur occasionally, and other more seasonal phenomena, such as the late occurrence of periods of dry, warm weather (the so called Indian summer) or cold weather, warning us to wrap up in warm clothes or take refuge right now by the warmth of the fire. What is particularly characteristic of proverbs about the months of the year is the interrelationship shown between the various different periods of time. Here, we note especially the prefiguration of seven moons for seven months in a group of proverbs found in Iberian Romance. Moreover, as is typical of all the months, October is sometimes personified in certain sayings.

Keywords: proverbs, Romance-speaking territory, October, seasons of the year, popular beliefs about the weather.

1. Xustificación

Outubro é o primeiro mes completo do outono, e resulta significativo que, no caso do galego, o descendente popular do latín *AUTUMNUM* revista nalgúns lugares o significado máis específico de ‘outubro’.³ Trátase, en certa maneira, dun mes de tránsito entre a calor propia do verán e o frío característico do inverno. É tamén mes dos labores da vendima, que levan da vide ao viño, ou das sementeiras, que preparan a terra para o novo ciclo agrícola. Así mesmo, a partida das andoriñas anuncia os primeiros fríos e con estes chegan diversos consellos de abrigo, que se prodigarán en refráns referidos a datas significativas do mes seguinte como Todos os Santos, San Martiño ou Santa Catarina (cfr. Río, 2010: 308-311, 315-321 e 327-331, respectivamente; para San Martiño, Gargallo e Fontana, 2021: 48-52). A finais de outubro, segundo o refraneiro, morren vermes, moscas e mosquitos, o que confirma a chegada da estación dos fríos.

O presente artigo pretende ofrecer unha mostra de refráns romances que caracterizan o mes de outubro e o seu encaixe no inicio do tempo outonal.⁴ Neste sentido, distribuímos as paremias nun primeiro nivel por afinidades temáticas e, baixo os correspondentes epígrafes, intentamos identificar paremiotipos que abranguen refráns afíns nunha ou en diversas linguas e variedades romances. Sobre o concepto de ‘paremiotipo’, remitimos á definición aproximativa que figura no *Atlas de ParemioRom*:⁵ “fórmula o abstracción baixo a que se acogen refranes similares en su estructura formal y en su contenido semántico, aun a sabiendas del carácter flexible de tales factores en algunos casos”.

³ Véxase o clásico traballo de Dámaso Alonso (1944-45: 449) e mais o mapa 134 do volume IV do *ALGa*, onde se pode observar a representación territorial deste uso.

⁴ Ocupámonos das paremias referidas ao mes de outubro en xeral. E só de maneira tanxencial daquelas que se centran nunha data concreta (por exemplo, San Francisco, San Lucas ou San Simón).

⁵ Cfr. <<https://stel.uib.edu/paremio-rom/es/atlas/atlas-de-paremiorom-apr-presentaci%C3%B3n>> [6 de xullo de 2021].

No corpus de refráns romances presentado,⁶ respectamos a forma orixinal das paremias, mesmo no que se refire á disposición versal. Por outra parte, non traducimos os refráns que nos parecen máis transparentes; porén, cando todo ou parte do orixinal resulta especialmente opaco, ofrecemos a equivalencia galega.

2. Tempo de partiren as andoriñas

Un dos principais indicios relativos ao período de bo tempo e calor é a presenza das andoriñas nas terras romances do sur continental: un período que abrangue aproximadamente a primavera e o verán, aínda que poida estenderse ata o mes de outubro segundo o testemuño dalgúns refráns.⁷ En relación á última paremia portuguesa, a partida das andoriñas en outubro vincúlase coa chegada dun período de seca.

vén. *Per Sant'Ana* [/]⁸ *il rondon zà 'l se lontana* ['afástase'] [/] *ma la rondola no vol* [/] *finché ottobre no la ciol* ['colle']⁹ (Antoni e Lapucci, 1993: 192).¹⁰ Lémbrese que Santa Ana se celebra o 26 de xullo.

it. *Per Sant'Anna / il rondone già si allontana / ma la rondinella non vuole / finché ottobre non la prende* (Antoni e Lapucci, 1993: 242). Diríase tradución ao italiano do refrán véneto anterior, o que provoca a perda da rima nos versos terceiro e carto.

friul. *Utubar al rive* ['chega'] *e la cisile e va* (Del Fabro, 2000: 169).

port. *Se as andorinhas partirem em Outubro, seca tudo* (Carrusca, 1976: II, 298).

3. Labores agrícolas

3.1. Vendimas

O vencello entre a vendima de outubro e o viño novo de San Martiño (11 de novembro) maniféstase neste refrán portugués: *Vendima em Outubro... que S. Martinho to dirá* (Carrusca, 1976: III, 240). Por outra parte, responden practicamente á mesma estrutura os dous refráns seguintes, en que outubro se presenta baixo a figura de pai nun de tantos casos de personificación dos meses nos refráns (cfr. Gargallo, 2009 e §6).

cast. *Octubre vinatero, padre del buen enero* (Martínez Kleiser, 1945: 293).

cat. *L'octubre vinater; pare del bon graner* (Amades, 1951: 995).

⁶ Para a identificación das distintas linguas ou variedades tratadas no texto, téñanse en conta as seguintes equivalencias: abruz. = abrucés; ast. = asturiano; cal. = calabrés; cast. = castelán; cat. = catalán; fr. = francés; francoprov. = francoprovenzal; friul. = friulano; gal. = galego; istr. = istriano; it. = italiano; lomb. Suí. = lombardo de Suíza (do Tesino ou Ticino); oc. = occitano; oc. aran. = occitano aranés; piem. = piemontés; port. = portugués; pull. = pullés; rom. = romanés; vén. = véneto.

⁷ Sobre andoriñas e ciclo estacional no calendario romance de refráns, véxase Gargallo (2008).

⁸ Empregamos a barra inclinada entre corchetes para indicar o salto de liña no orixinal.

⁹ Estes dous derivados do latín *HIRUNDO*, *rondon* e *rondola*, designan, respectivamente, o birrio e a andoriña.

¹⁰ Os autores localizan este refrán en Istria.

A fin de outubro, coa uva recollida, propicia estoutros dous refráns co beneficio da rima:

cat. *Octubre finit, raïm recollit* (Amades, 1951: 995).

fr. *Quand octobre prend sa fin, [/] Dans la cuve est le raisin* (Montreynaud, Pierron e Suzzoni, 1993: 146, núm. 693).

No grupo seguinte, decatámonos da afinidade estrutural do italiano co resto de rexistros italo-romances.

it. *Ottobre, il vino è nelle doghe* (Schwammenthal e Straniero, 1991: 375, núm. 4075).

it. *A ottobre il mosto è nelle botti* (Schwammenthal e Straniero, 1991: 11, núm. 121).

vén. *De otóbtre el vin ne le dòghe* (Rama, 1994: 140).

istr. *Otobre: al vein ne le doghe* (Schwammenthal e Straniero, 1991: 375, núm. 4075).

abruz. *Di uttobre, lu mmost' a le dòghe* (Schwammenthal e Straniero, 1991: 375, núm. 4075).

pull. *Ottobr d vnnegn ench i tin* (Schwammenthal e Straniero, 1991: 375, núm. 4075).

cal. *Ad ottobre lu mustu è nte li doghi* (Schwammenthal e Straniero, 1991: 11, núm. 121).

3.2. Sementar

Todo o mes de outubro é, ao dicir do refraneiro, propicio para a sementeira. A paremia catalá específica os tres tipos de cereal que cómpre sementar: centeo, cebada e trigo.

cast. *A la primera agua de octubre, siembra y cubre* (Pejenaute, 1999: 275 e 315).

port. *Em outubro semeia e cria, terá alegria* (Reis, 1995: 204).

cat. *Quan l'octubre és arribat, sembra el sègol, l'ordi i el blat* (Amades, 1951: 995).

it. *Chi semina in ottobre, miete in giugno* (Schwammenthal e Straniero, 1991: 146, núm. 1606).

Rexístranse tamén refráns referidos á sementeira en datas concretas ao longo do mes: por exemplo, o galego *Por San Francisco bótase o millo* (DNG: s. v. *Francisco*) [4 de outubro] ou o castelán *Por San Lucas, siembra habucas* (Martínez Kleiser, 1945: 291) [18 de outubro], en que cómpre subliñar a derivación *habucas* para facilitar a rima.

4. Aspectos meteorolóxicos

Agrupamos aspectos relativos a meteoros diversos (choiva, néboa, treboada; frío; calor tardía), así como outros grupos de paremias tematicamente asociadas a este período do ano.

4.1. Choiva, treboada, néboa e afíns

Neste apartado, asociamos a choiva a outros dous conceptos afíns como a treboada e a néboa; no caso da choiva, dáse tamén concreción léxica a través do hiperónimo *auga*. En primeiro lugar, relacionamos unha serie de paremias con auga ou choiva de outubro que auguran unha boa colleita vindeira. A continuación, reproducimos un exemplo galego, onde a choiva constitúe un sinal aciago.

gal. *Auga de outono mata o seu dono* (Ferro, 1995: 202, núm. 3065). O *ALGa* rexistra unha variante no punto de enquisa P.3 (lugar e parroquia de Baloira, concello da Estrada): *A augha de outono mata a seu dono* (nótese a “gheada” propia desta variedade occidental do galego).

cat. *De l'aigua d'octubre i del sol de maig, en neix el blat* [‘trigo’] (Amades, 1951: 994).

it. *Pioggia d'ottobre, manna per la campagna* (Schwamenthal e Straniero, 1991: 408, núm. 4453).

cast. *Octubre lluvioso, año copioso* (Pejenaute, 1999: 284).

it. *Ottobre piovoso, campo prosperoso* (Schwamenthal e Straniero, 1991: 375, núm. 4077).

port. *Outubro chuvoso, torna o lavrador venturoso* (Reis, 1995: 61, 93, 206 e 262).

lomb. Suí. *Quant a utubar al piöf o al trona[,]* [‘Cando en outubro chove ou trona’] *l'invernada la sarà bona* (Giovannoli, 1994: 57). Para *al trona*, véxase, un pouco máis abaixo, o grupo de refráns relacionado coa treboada.

Moito máis variados son, no que respecta tanto á forma como á motivación, os refráns referidos á treboada e ao tronar:

fr. *En octobre tonnerre, [/] Vendanges prospères* (Cellard e Dubois, 1985: 141). Véxase o penúltimo refrán desta serie, de sentido contrario.

lomb. Suí. *Sa'l truna d'utüar, chi ga tré vachi al ne invèrnia noma dùa* [‘Se trona en outubro, quen ten tres vacas invernan soamente dúas’] (Hauser, 1981³: 620). Localízase en Poschiavo (Grisóns, Suíza).

friul. *Se al tone e al lampe in utubar, l'unvièr al sarà capriciós* (Del Fabro, 2000: 169).

fr. *Tonnerre d'octobre, [/] Vendanges peu sobres* (Cassano, 1988 [1914]: 42, núm. 137). O autor localiza o refrán en Saint-Pierre (Val d'Aosta) e engade a seguinte glosa: “Cela pour l'année suivante, car quelques pluies en ce mois seraient très profitables, selon les campagnards, aux nouveaux jets de la vigne”. Véxase o primeiro refrán desta serie, de sentido contrario.

cat. *Tronades a darrers d'octubre, any de neu* (Sanchis, 1951: 130, núm. 8).

Neste último grupo, despois dun refrán piemontés con *nebia* [‘néboa’], reunimos outros dous, aranés e friulano, de estrutura idéntica, aínda que con diferente referencia meteorolóxica: a bruma e a borrasca, respectivamente.

piem. *Nebia d’utuber e pieuva d’nuvember tanti bin dal ciel a fa dissende* [‘tantos bens do ceo fan descender’] (Richelmy, 2006⁶: 64, núm. 774).

oc. aran. *Octubre bromós, [/] uvèrn ruïnós* (CNLVA, 1992: 27). Coromines (1990: 368; s. v. *broma*) sinala que este é un termo moi xenérico referido á nebulosidade e pode significar tanto ‘nube’ como ‘néboa’ ou ‘bruma’. Trátase dun refrán do sector oriental do Val de Arán, zona en que aparece a forma *uvèrn* no lugar de *iuèrn*. Compárese co catalán *Octubre bromós, hivern ruïnós* (PCCD).

friul. *Otubar burascjôs, unvier estrôs* (Martinis, 2010: I, 69).

4.2. Frío

Se no período de verán vive todo tipo de vermes (como afirma a coñecida paremia catalá *A l’estiu, tota cuca viu*), co chegar de outubro e, máis particularmente, a finais de mes, morren co frío vermes e eirugas, moscas e mosquitos, tal como expresan os refráns seguintes:

cat. *L’octubre fred, | mata el cuquet* (Sanchis, 1951: 129, núm. 4a). *Cuquet* é diminutivo de *cuc*, formación expresiva moi característica do catalán (*DECat*, s. v.).

fr. *Octubre glacé [/] Fait vermines trépasser* [‘morrer’] (Cellard e Dubois, 1985: 142). De xeito similar ao exemplo precedente, o termo *vermine* (co sentido xenérico relativo aos parasitos diversos: pulgas, piollos e similares) é derivado diminutivo de *verme*, tipo léxico romance, tamén representado no galego.

cat. *El fred d’octubre | mata l’eruga* (Sanchis, 1951: 129, núm. 5). Nótase a conveniencia da rima en catalán oriental, en que se dá a neutralización de “a” e “e” átonas en [ə].

francoprov. *Octubre dzalà [/] Tseneille trapassà* [‘Outubro xeado [/] Eirugas mortas’] (Cassano, 1988 [1914]: 41, núm. 136). Concretamente, no francoprovenzal do Val de Aosta.

cat. *Quan l’octubre és finit, [/] mor la mosca i el mosquit* (Amades, 1983 [1956]: 350). Coñece unha versión na variedade de Mallorca co característico artigo balear (procedente do latín IPSU/IPSA): *Quan s’octubre està finit, | mor sa mosca i es mosquit* (Sanchis, 1951: 129, núm. 6).¹¹

A propósito de animais, tres refráns apelan ao dono e aconséllanlle abrigalos cando, neste mes, sintan frío.

¹¹ Estas paremias referidas á extinción de tales insectos lembran outro refrán centrado na data concreta de San Simón (28 de outubro): *Por San Simón, [/] Morre a mosca e o moscón* (Río, 2010: 301).

cast. *Si en octubre sientes frío, / a los animales da abrigo* (Gomis, 1998: 164, nota 31).

port. *Se em Outubro tens frío, os animais também* (Carrusca, 1976: III, 239). Trátase dun xeito de “refrán” desprovisto da entidade parémica que proporciona a rima.

port. *Se em Outubro te sentires gelado, lembra-te do gado* (Carrusca, 1976: III, 239).

Coa chegada dos primeiros fríos de outubro, outros refráns recomentan abrigarse ao carón do lume:

port. *Em Outubro, o fogo ao rubro* (Carrusca, 1976: III, 239).

port. *Em Outubro, o lume já é amigo* (Carrusca, 1976: III, 239).

gal. *En octubre non molesta o lume* (Vázquez, 2003: 148, núm. 3482).

cast. *En octubre, el hogar de leña cubre* (Rúa, 2014: 193).

port. *Logo que Outubro venha, procura a lenha* (Reis, 1995: 41, 142, 205 e 261).

Co declinar do sol no percorrido pola bóveda celeste, acrecéntanse as sombras e a proxección do sol, cada vez máis baixa, aconsella procurar os espazos que manteñen a luz e a calor solares, ou, para dicilo cos refráns, “fuxir da sombra”:

cast. *En octubre de la sombra huye; pero si aprieta el sol, cuida de la insolación* (Rúa, 2014: 193).

cast. *En octubre, de la sombra huye* (Martínez Kleiser, 1945: 290).

cat. *Per l'octubre, fuig de l'ombra i busca el sol* (Amades, 1951: 994).

cat. *Octubre, octubrot, fuig de l'ombra i busca el foc* (Amades, 1951: 994).

4.3. Calor tardía

Sabemos que no espazo europeo que ocupa a vella Romanía pode darse un veranciño serodio, como o que responde á fórmula de “veranciño de San Martiño” (ao redor do 11 de novembro, San Martiño de Tours), coñecida tamén noutros países non románicos do continente (Gargallo e Ruiz-Zorrilla, 2012: 148-149). Non é, pois, estraño que o refraneiro achegue exemplos de calor tardía no outubro.

cal. *Ottobri coci l'ova* (Spezzano, 2006²: 58, núm. 393). Con esta glosa: “Può fare ancora caldo”.

gal. *Froles en outono, fame en Ani-novo* (Zamora, 1972: 112). A persistencia das flores indica calor tamén. Véxase a seguinte paremia.

gal. *Quenturas de outono, non son boas para o seu dono* (Ferro, 1995: 384, núm. 6830). Concorda co refrán anterior no feito de que non sempre a calor de outubro é benvida.

rom. *Răpciune cald* [‘quente’], *Brumărel rece și umed* [‘frío e húmido’] (Olteanu, 2001: 387). A forma *Răpciune* [popularmente, ‘setembro’] é de orixe dubidosa, segundo o *Diccionario etimológico rumano (DER)* de Cioranescu (s. v.), quen, entre outras posibilidades, apunta: “Se considera representante del lat. *RAPTIONEM* “hurto” interpretado como “recolección de la uva” [...]”. Por outro lado, *Brumărel*,¹² derivado diminutivo de *brumă* [‘xeada’], é designación popular para outubro.

fr. *Si octobre est chaud, [l] Février sera froid* (Cellard e Dubois, 1985: 141). Trátase dun caso de prefiguración inversa (calor augura frío) a notoria distancia temporal, como os que se presentan máis adiante (cfr. §5).

port. *Outubro é o Maio do Outono* (Carrusca, 1976: III, 239). Cfr. *Setembro é o Maio do Outono* (Carrusca, 1976: III, 238). Estes casos de paralelismo entre meses de distintas estacións suxiren a motivación similar da fórmula catalá *primavera de l’hivern* [‘primavera do inverno’], como designación do outono, cuestión de que se ocupou Germà Colón (1953).

4.4. Consellos de abrigo

O posible reverso da calor tardía é un frío incipiente que anuncia a temporada máis rigorosa da estación, de xeito que abundan os refráns que fornecen os denominados “consellos de abrigo” (Gargallo, 2007a):

oc. *Au mes d’outobre, [l] Qu noun a raubo, que n’en trobe* [sic] [‘[l] Quen non ten roupa, que a atope’] (Mistral, 1979: II, s. v. *outobre* e *raubo*). En grafía normativa: *Au mes d’octòbre, [l] Cu non a rauba, que ne’n tròbe*.

oc. *Au mes d’outobre, [l] Qu[']a perdu soun mantèu, que lou recobre* [‘[l] Quen perdeu o seu abrigo, que o recobre’] (Mistral, 1979: II, s. v. *outobre*). En grafía normativa: *Au mes d’octòbre, [l] Cu a perdut son mantèu, que lo recòbre*.

oc. *Au mes d’outobre, [l] Qu[']a ges de raubo, que se n’obre* [‘[l] Quen non ten nada de roupa, que a procure’] (Mistral, 1979: II, s. v. *oubra*). En grafía normativa: *Au mes d’octòbre, [l] Cu a ges de rauba, que se n’òbre*.

cast. *Del pellejo de octubre, de ese te cubre* (Martínez Kleiser, 1945: 289). Nótese a inversión do uso normal do clítico en *te cubre*, no lugar de *cúbrete*, por esixencias da rima.

cat. *Per l’octubre, qui ha perdut sa capa, que la recobri* (Sanchis, 1951: 130, núm. 12). A diferenza da maioría de refráns deste punto, aquí falla a rima.

lomb. Suí. *Otober col tabár* [‘abrigo’] (Giovannoli, 1994: 57).

¹² Así mesmo, *Brumar* é denominación popular para novembro.

O caso deste último refrán é lixeiramente distinto, pois, coa prevención do *ombrello* [‘paraugas’], alude á posibilidade de choiva:

it. *Ottobre è bello, ma tieni pronto l’ombrello* (Schwamenthal e Straniero, 1991: 375, núm. 4074).

5. Prefiguración do tempo: da lúa de outubro para sete lúaas (ou meses)

No curso do ciclo anual son moitas as manifestacións que a cultura popular observa sobre a prefiguración do tempo. Por exemplo, de doce días para doce meses ao redor do solsticio de inverno (Gargallo, 1999). Tamén de datas concretas cunha proxección variable; así, na Conversión de San Pablo (25 de xaneiro) para todo un ano: *San Pablo se convierte, y un año entero advierte* (Martínez Kleiser, 1989 [1953]: 197, núm. 17.873). Así mesmo, abundan as predicións por espazo dunha corentena de días, como no caso do paremiotipo que representa o catalán *Si plou per Sant Medard, [l] plourà quaranta dies més tard*¹³ (Farnés, 1997: VI, 9, núm. M1368), que con rima propicia se estende ao occitano, ao francés e ao norte de Italia, nunha área parémica caracterizada pola perda das vogais finais *-o/-e* que posibilita a rima (Correas e Gargallo, 2003: 187).

Nesta liña de prefiguracións a longo prazo pódese inserir o caso da observación da lúa, suponse que chea, de cara a sete lúaas, ou meses, por viren. Parece significativa a proxección da lúa de setembro nos sete meses vindeiros; así, no italiano (*Alla luna settembrina, sette lune se ne inchina* [Schwamenthal e Straniero, 1991: 31, núm. 343]) e noutros romances (Correas e Gargallo, 2003: 253). Se cadra, a asociación do número sete co mes de setembro podería basearse na identidade etimolóxica ou intuitiva entre os dous elementos, cando non tamén co coñecido simbolismo do “sete”; e non se debería descartar que unha certa inercia tivese motivado a persistencia do “sete” na prefiguración de lúaas feita dende o mes de outubro (que, como se sabe, é o “oitavo” mes do primitivo calendario romano).¹⁴

En castelán o paremiotipo cos compoñentes *luna de octubre* e *siete lunas cubre* está ben documentado, por exemplo no clásico repertorio de Luis Martínez Kleiser:

cast. *La luna de octubre, siete lunas cubre; y si llueve, nueve* (Martínez Kleiser, 1945: 75).

Por outra parte, constátase a vitalidade deste tipo parémico en diversas rexións peninsulares, como deixan ver os rexistros seguintes, que corresponden a Andalucía, Castela-A Mancha e Estremadura, respectivamente.

¹³ San Medardo celébrase o oito de xuño. Sobre este santo, véxase Río (2010: 163-164).

¹⁴ Sobre as designacións dos meses nas linguas de Europa, e particularmente os herdeiros romances de SEPTEMBER e OCTOBER, véxase Tagliavini (1963: 156-166). Sobre refráns romances con *lúa*, véxase Gargallo (2007b).

cast. *La luna de Octubre* [sic] - *siete lunas cubre* (Rodríguez Marín, 1883: 11, núm. 60). Coa glosa seguinte: “Créese que[,] lloviendo en la luna de Octubre, ha de llover en las siete siguientes”.

cast. *La luna de octubre, siete lunas cubre* (ALeCMan, 2003: Mapa 911. *Octubre. Notas*). Localizado por esta obra no punto TO 507 (Los Navalucillos). Rexistra variantes do paremiotipo noutras localidades: *La luna de octubre, las siete [siguientes] cubre* (CU 310: Abia de la Obispalía); *La luna de octubre siete descubre* (CU 407: Reillo); *La luna de octubre a siete descubre* (GU 205: Maranchón); *Siete lunas cubre cuando llueve* (GU 509: Pastrana); *La luna de octubre, las siete descubre* (GU 10: Alcolea del Pinar).

cast. *Si entra “troná” la luna de octubre[,] siete lunas cubre* (Díaz, 1991: 89). Localizado en Oliva de la Frontera e comarca (na provincia de Badajoz). Nótese a grafía dialectalizante *troná* (pola normativa *tronada*).

O devandito paremiotipo atópase representado noutros romances peninsulares. Cómpre apuntar a posibilidade dunha converxencia co castelán, especialmente polo que se refire aos compoñentes que guían a rima: *o(c)tubre* e *(des)cubre*.

gal. *A luna de outubro* [sic], *sete cubre* (ALGa, 2003: IV, 472, núm. 756). En dous puntos de enquisa do atlas: P.19 (lugar de Lourido, parroquia e concello de Soutomaior) e P.31 (lugar do Arrabal, parroquia e concello de Oia). En galego normativo, *lúa* e *outubro*; nótese como, coa presenza deste último, non se daría a rima.

cat. *Lluna d'octubre, | set ne descubre* (Sanchis, 1951: 129, núm. 3). Tomado por esta obra de fonte tortosina. Trátase dun testemuño afin ao da localidade de Maella (provincia de Zaragoza) que recolle Manent (1997: 43): *Lluna d'octubre siete en descubre* (nótese o castelanismo *siete*).

No rexistro catalán de Joan Amades, non é descartable unha apropiación paremiográfica a partir do modelo castelán:

cat. *L'octubre, set llunes cubre, i si plou, en cobreix nou* (Amades, 1951: 994).

Polo que se refire ao asturiano, Luciano Castañón documenta o paremiotipo en dúas obras:¹⁵

ast. *La lluna d'Otubre, siete llunes cubre* (Castañón, 1962b: 407). Coa variante (para a segunda parte) *siete meses cubre*; localizada por Castañón (1962a: 177) en Castiello (Xixón).

O arraigamento deste paremiotipo no ámbito asturiano explicaría variantes con neve no lugar de choiva:

ast. *Si nieva'na lluna d'Otubre, siete meses la cubre* (Castañón, 1962b: 407).

¹⁵ Véxanse outras documentacións asturianas en Viejo (2012: 136, núm. 621).

En catalán, atopamos fórmulas alternativas para expresaren a mesma idea básica, é dicir, a proxección do tempo da lúa de outubro en sete lúaas ou meses por viren:

cat. *En octubre la llunà, | set atres cobrirà* (Sanchis, 1951: 129, núm. 2). Tomado de fonte valenciana por esta obra. Nótese os dialectalismos *llunà* (por *llunada*) e *atres* (por *altres*).

cat. *Octubre el vanitós, | cobrix set llunes enganyós* (Sanchis, 1951: 129, núm. 1). Así mesmo, de fonte valenciana. Nótese o dialectalismo *cobrix*, propio do catalán occidental (no catalán oriental, *cobreix*), así como outro caso de personificación (cfr. §6).

O calendario de refráns acolle tamén moitos casos de prefiguración de tipo inverso e a unha certa distancia cronolóxica. Por exemplo, nas numerosas paremias en que se confrontan Nadal e Pascua; así, en italiano, *Natale al balcone / Pasqua al tizzone. / Natale al giuoco, / Pasqua al fuoco* (Schwamenthal e Straniero, 1991: 319, núm. 3481). Véxanse outros moitos exemplos en Correas e Gargallo (2003: 357-361).

friul. *Otubar biel, unvier brut* (Martinis, 2010: II, 202).

fr. *Si octobre est chaud, [/] Février sera froid* (Cellard e Dubois, 1985: 141).

6. Personificación dos meses e atribucións afíns

Tal como sinalaba Gargallo (2009: 303), na cultura popular a mirada aos meses atribúelles trazos humanos.¹⁶ Deste xeito, temos meses que aparecen como irmáns (na serie dos días prestados por un mes como abril ao precedente marzo); e un caso singular de “sororidade relativa”, que se establece entre os meses de outubro e marzo, ambos os dous de xénero masculino en romanés, aínda que definidos de maneira feminina pola atracción de xénero do substantivo *lună* [‘lúa’ e tamén ‘mes’], que, a diferenza das outras linguas romances, engade ao sentido tradicional latino de ‘lúa’ a innovación semántica de ‘mes’.

rom. *Brumărel și Mărțișor sunt luni surori* [‘Outubro e Marzo son meses irmás’] (Olteanu, 2001: 423). *Brumărel*, derivado diminutivo de *brumă* [‘xeadá’], é designación popular do outubro (cfr. §4.3).

Por outra parte, constitúe un caso de atribución humana (se cadra, animal?) o paremiotipo galeoportugués en que converxen *outubro quente* e *diabo/demo no ventre*:

port. *Outubro quente traz o diabo no ventre* (Ferreira, 1999: 219).

gal. *Outono quente trae o demo no ventre* (Ferro, 1995: 438, núm. 7903).

Unha motivación similar caracteriza refráns meteorolóxicos sobre o mes precedente, setembro, e o mes seguinte, novembro, en castelán: *Niebla en noviembre, trae el sur*

¹⁶ Ao longo do artigo apareceron xa os seguintes tres refráns con personificación de outubro; a saber: cast. *Octubre vinatero, padre del buen enero* (cfr. §3.1.); cat. *L'octubre vinater, pare del bon graner* (cfr. §3.1.); e cat. *Octubre el vanitós, | cobrix set llunes enganyós* (cfr. §5).

en el vientre (Pejenaute, 1999: 312) e *Niebla en septiembre trae el sur en el vientre* (Martínez Kleiser, 1989 [1953]: 519, núm. 45.412).

7. Consideracións finais

No ciclo anual, os meses non viven illados. Iso explica que outubro estableza tamén relacións diversas con outros meses. Neste sentido, cómpre salientar a singularidade do romanés, en que os nomes de mes, aínda que sexan de xénero gramatical masculino, vense atraídos polo substantivo feminino *lună* [‘lúa’, ‘mes’], o que explica o caso do refrán *Brumărel și Mărțișor sunt luni surori* [‘Outubro e Marzo son meses irmás’], que acabamos de ver (cfr. §6).

Os dous eixes estacionais (época de calor e época de frío) explican a relación establecida no refrán portugués *Outubro é o Maio do Outono* (cfr. §4.3.). O lugar de tránsito estacional que outubro ocupa no curso do outono queda reflectido en refráns diversos que aluden á chegada do frío, aos consellos de abrigo, á calor tardía...

Así mesmo, parécenos relevante a constatación de paremiotipos como o que relaciona a lúa de outubro coas sete lúas ou meses seguintes nun de tantos casos de prefiguración do tempo que acolle o calendario.

Este encaixe global dos meses no conxunto do ano constátase nas numerosas restras de refráns que documentan os repertorios paremiográficos e que parecen ser máis unha entidade libresca ca unha realidade oral, pois non parece lóxico que o pobo sexa quen de lembrar unhas entidades tan longas e ao mesmo tempo complexas.¹⁷ Estas restras estrutúranse a base de pezas, en xeral bimembres, onde a primeira palabra corresponde a un mes ao que se lle adxunta coa segunda unha característica concreta. A suma de cada peza caracterizadora integra rexistros como o que recolleemos aquí, que ten a peculiaridade de comezar, non polo mes de xaneiro (como parecería natural), senón polo noso mes de outubro; neste sentido, hai que ter en conta que no ciclo agrícola outubro pode ser considerado o inicio do novo ano¹⁸ (Bastardas, Fontana e Gargallo, 2020: 22-25), como amosa a seguinte restrá parémica portuguesa, que atribúe unha característica a cada un dos doce meses (de outubro a setembro):

port. *Ou[t]ubro revolver, Novembro semear, Dezembro nascer [...]; Janeiro gear, Fevereiro chover, Março encanar, Abril espigar, Maio engrandecer, Junho aceitar, Julho debulhar, Agosto engravelar, Setembro vindimar* (Carrusca, 1976: III, 240).

Non en balde, na vella mentalidade popular, os meses de outubro e marzo eran considerados os máis fértiles do ano. En Cataluña, a maiores, outubro atopábase baixo a protección da *Verge del Roser*, celebrada o 7 de outubro, xornada en que as patroas das *masies*

¹⁷ Cando algunha destas estruturas bimembres se separa da mencionada restrá parémica, convértese nun *refrán mínimo*, concepto enxeñado e estudado por Fontana en linguas como o galego (2017), o castelán (2019) ou o italiano (2020).

¹⁸ E de feito o precedente mes de setembro recibe en sardo a designación de *capudanni* e variantes (< CAPUT ANNI), tal como explica Tagliavini (1963: 160-161).

[‘construcións illadas de tipo familiar, dedicadas á explotación agrícola e gandeira’] depositaban un ramo de rosas aos pés desta Virxe (cuxa imaxe era preceptiva en toda *masía*) e acendíanlle unha candeia (Torres, 2017: 132). Certamente, se as sementeiras de outubro, especialmente as do trigo, xerminaban (e chegaban a frutificar), dificilmente perigaría a economía familiar dese ciclo agrícola. *Ex Octobre lux*.

8. Referencias bibliográficas

- ALeCMan* = GARCÍA MOUTON, Pilar e MORENO FERNÁNDEZ, Francisco (dirs.) (2003): *Atlas Lingüístico (y etnográfico) de Castilla - La Mancha*. Alcalá: Universidad de Alcalá.
- ALGa* = GARCÍA, Constantino e SANTAMARINA, Antón (dirs.) (2003): *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALONSO, Dámaso (1944-45): “«Junio» y «julio» entre Galicia y Asturias”, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, I, 429-454.
- AMADES, Joan (1951): *Folklore de Catalunya. Cançoner. Cançons – refranys – endevinalles*. Barcelona: Editorial Selecta, S. A.
- (1983 [1956]): *Costumari català. Volum V. Tardor*. Barcelona: Salvat Editores / Edicions 62.
- ANTONI, Anna Maria e LAPUCCI, Carlo (1993): *30 di conta novembre... I proverbi dei mesi*. Milano: Garzanti Editore s.p.a.
- BASTARDAS, Maria-Reina; FONTANA, Joan e GARGALLO, José Enrique (2020): “Dictons romans avec les douze mois: la caractérisation parémique et mensuelle de l’année”, en *Studia Universitatis Babeş- Bolyai. Philologia*, 65 (4), 9-38.
- CARRUSCA = DE SOUSA CARRUSCA, Maria (coord.) (1976): *Vozes da sabedoria* [3 vols.]. Lisboa: Edição da coordenadora.
- CASSANO, Joseph (1988 [1914]): *La vie rustique et la philosophie dans les proverbes et dictons valdôtains*. Turin / Aosta: F. Casanova / J. Brivio - J. Vittaz.
- CASTAÑÓN, Luciano (1962a): *Refranero asturiano*. Oviedo: Diputación de Oviedo / Instituto de Estudios Asturianos (C.S.I.C.).
- (1962b): “Los meses en el refranero asturiano”, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, XVIII, 395-415.
- CELLARD, Jacques e DUBOIS, Gilbert (1985): *Dictons de la pluie et du beau temps*. Paris: Éditions Belin.
- CNLVA [Centre de Normalisacion Lingüística dera Val d’Aran] (1992): *Arrepervèris*. Lleida: Pagès Editors.
- COLÓN, Germà (1953): “El concepto ‘otoño’ en catalán y su posición entre las lenguas romances”, en *Revista de Filología Española*, XXXVII, 194-215.
- COROMINES, Joan (1990): *El parlar de la Vall d’Aran. Gramàtica, diccionari i estudis lexicals sobre el gascó*. Barcelona: Curial Edicions Catalanes.
- CORREAS MARTÍNEZ, Miguel e GARGALLO GIL, José Enrique (2003): *Calendario romance de refranes*. Barcelona: Edicions de la Universitat de Barcelona.

- DECat = COROMINES, Joan (1980-2001): *Diccionari etimològic i complementari de la llengua catalana* [10 vols.]. Barcelona: Curial Edicions Catalanes / Caixa de Pensions “La Caixa”.
- DEL FABRO, Adriano (2000): *Proverbi e modi di dire del Friuli*. Colognola ai Colli: Demetra.
- DER = CIORANESCU, Alejandro (1954-66): *Diccionario Etimológico Rumano*. Tenerife: Universidad de La Laguna.
- DÍAZ DÍAZ, Emilio (1991): *Refranero popular extremeño*. Badajoz: Universitas.
- DNG = FERRO RUIBAL, Xesús (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo Edicións.
- FARNÉS, Sebastià (1992-1999): *Paremiologia catalana comparada* [8 vols.]. Barcelona: Columna.
- FERREIRA, Joaquim Alves (1999): *Miscelânia, vol. IV: Literatura Popular de Trás-os-Montes e Alto Douro*. Vila Real: Minerva Transmontana Tipografia, Lda.
- FERRO RUIBAL, Xesús (1995): *Refraneiro galego básico*. Vigo: Galaxia.
- FONTANA i TOUS, Joan (2017): “Marzo, iguarzo. Achega aos refráns mínimos galegos”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 19, 47-70.
- (2019): “Mundo inmundo. Aproximación a los refranes mínimos en español”, en *Paremia*, 28, 37-47.
- (2020): “*Salvia salva*. Approccio ai proverbi minimi in italiano”, en *Bollettino dell’Atlante Linguistico Italiano* 44, 99-121.
- GARGALLO GIL, José Enrique (1999): “Doce días para doce meses. De meteorología popular en la Romania”, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, LIV/2, 231-267.
- (2007a): “*Garda o teu saio para maio*. Consellos de abrigo no calendario romance de refráns”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 9, 95-112.
- (2007b): “*La lluna setembrina, set llunes endevina*. Refráns meteorolóxicos con lúa na Romania”, en CONDE TARRÍO, Germán (dir.): *El componente etnolingüístico de la Paremiología. The ethnolinguistic Component of Paremiology*. Fernelmont: Editions Modulaires Européennes (E.M.E.), 117-134.
- (2008): “*San Raimundo trae la golondrina del otro mundo*. Golondrinas y ciclo estacional en el calendario romance de refranes”, en *Crítica del texto*, XI/1-2, 345-358.
- (2009): “*Octubre vinatero, padre del buen enero*. Personificación de los meses en el calendario romance de refranes”, en ARNAVIELLE, Teddy e CAMPS, Christian (eds.): *Discours et savoirs sur les langues dans l’aire méditerranéenne*. Paris: L’Harmattan, 303-319.
- GARGALLO GIL, José Enrique e FONTANA i TOUS, Joan (2021): “Refranes del calendario y meteorológicos en *Paremia*”, en CASES, Elke e SCHWANDTNER, Kerstin (eds.): *Pasado, presente y futuro de la paremiología a través de la revista “Paremia”*. Bari: Les Flâneurs, 45-60.
- GARGALLO GIL, José Enrique e RUIZ-ZORRILLA CRUZATE, Marc (2012): “El concepto de ‘veranillo’ en Europa. Ensayo semántico-motivacional”, en *Géolinguistique*, 13, 139-162.

- GIOVANNOLI, Renato (1994): “Il tempo nella saggezza popolare. Antologia di detti e proverbi dialettali del Ticino”, en *Quaderni di documentazione*, 11, Centro Didattico Cantonale Massagno.
- GOMIS I SERDAÑONS, Cels (1998) = Cels GOMIS I MESTRE, *Meteorologia i agricultura populars. Recull d’aforismes, modismes, creences i supersticions referents a la meteorologia i a l’agricultura a l’entorn dels anys 1864 a 1915*. Segona edició notablement augmentada amb gran nombre de confrontacions, a cura de Cels GOMIS I SERDAÑONS. Barcelona: Alta Fulla.
- HAUSER, Albert (1981³): *Bauernregeln. Eine schweizerische Sammlung mit Erläuterungen von Albert Hauser*. Zürich / München: Artemis Verlag.
- MANENT, Albert (1997): *Els noms populars de núvols, boires i vents: Ribera d’Ebre i Terra Alta*. Barcelona: Centre d’Estudis Riudomencs “Arnau de Palomar”.
- MARTÍNEZ KLEISER, Luis (1945): *El tiempo y los espacios de tiempo en los refranes*. Madrid: Librería General de Victoriano Suárez.
- (1989 [1953]): *Refranero general ideológico español*. Madrid: Casa Editorial Hernando.
- MARTINIS, Mario (2010): *Proverbi del Friuli* [2 vols.]. Udine: Editoriale FVG spa.
- MISTRAL, Frederic (1979 [1878-1886]): *Lou Tresor dóu Felibrige ou Dictionnaire Provençal-Français* [2 vols.]. Édition du centenaire sous la direction de Tuby, Victor. Genève / Paris: Slatkine / Édition de l’Unicorne.
- MONTREYNAUD, Florence; PIERRON, Agnès e SUZZONI, François (1993): *Dictionnaire de proverbes et dictons*. Paris: Le Robert.
- OLTEANU, Antoaneta (2001): *Calendarele poporului român*. București: Editura Paideia.
- PAREMIOROM = *Paremiología romance: refranes meteorológicos y territorio*. Consultable en liña: <<https://stel.ub.edu/paremio-rom/es>>.
- PCCD = PÀMIES i RIUDOR, Víctor (2020-2021): *Paremiología catalana comparada digital*. Consultable en liña: <<https://pccd.dites.cat>>.
- PEJENAUTE GOÑI, Javier María (1999): *Los Refranes del Tiempo de Navarra*. Pamplona: Caja de Ahorros de Navarra.
- RAMA, Giuseppe (1994): *Proverbi de Verona. “Pillole di saggezza popolare”*. Bussolengo: Edizioni della Libreria di Demetra.
- REIS = ALVES REIS, José (1995): *Provérbios e Ditos Populares*. Lisboa / Porto: Litexa Editora.
- RICHELMY, Tino (2006⁶): *Proverbi piemontesi*. Firenze: Giunti.
- RÍO CORBACHO, María Pilar (2010): *El refranero y el santoral*. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- RODRÍGUEZ MARÍN, Francisco (1883): *Cien refranes andaluces de meteorología, cronología y agricultura rural, recogidos de la tradición oral*. Fregenal: Est. Tip. de El Eco, Corredera, 2.
- RÚA ALLER, F. Javier (2014): *Refranes del tiempo en León*. León: Eolas.
- SANCHIS GUARNER, Manuel (1951): *Calendari de refranys*. Barcelona: Barcino.
- SCHWAMENTHAL, Riccardo e STRANIERO, Michele L. (1991): *Dizionario dei proverbi italiani*. Milano: Rizzoli.

- SPEZZANO, Francesco (2006²): *Proverbi calabresi*. Firenze / Milano: Giunti.
- TAGLIAVINI, Carlo (1963): *Storie di parole pagane e cristiane attraverso i tempi*. Brescia: Morcelliana.
- TORRES i SOCIATS, Jordi (2017): *La vida a pagès. Feines, festes i cuina*. Sant Vicenç de Castellet: Farell.
- VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral* [núm. 5 de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Consellería de Educación e Ordenación Universitaria / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- VIEJO FERNÁNDEZ, Xulio (2012): *Parecias populares asturianas (Estudio, clasificación y glosa)*. Instituto Cervantes, Biblioteca Fraseológica y Paremiológica, Serie «Monografías» n.º 4.
- ZAMORA MOSQUERA, Federico (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Vigo: Galaxia.